

Ola familias!!!

Bueno esta semana vamos empezar a traballar nos libros.

No libro de matemáticas quédannos 5 fichas por facer pero hai dúas (a 26 e a 27) que non podedes facer xa que son necesarias unhas pegatinas que temos no cole posto que eu recólloas ao traer os libros e prepároas para que o día que as necesitamos só teñamos que entregalas para usalas. Así que sentíndoo moito esas dúas fchas non podemos facelas. Pero si podemos facer as outras tres máis as que hai ao final do libro de repaso das grafías dos números. Busquei a maneira máis fácil para explicar as fichas e fíxeno a través dun video. Espero que sexa de axuda aínda que sei que vós o faredes tan ben coma min e lles explicaredes de novo o traballo. Tamén envío un video explicativo da resta. Sinto se non quedou ben, pero a verdade é que se me fai moi raro e algo difícil facer esto deste xeito.


En canto á lectoescritura, vamos empezar a Letra b/B. Igual que nas matemáticas vai un video cunha pequena explicacion en cada ficha, outro co conto e outro coa explicación do trazo do B. Hai unhas fichas que levan unhas pautas e nelas terán que escribir unhas palabras ao dictado. Vós poñerédeslles o punto de inicio e dirédeslles a palabra (de unha en unha) e deixades que eles escriban sós, como eles saben. Se a escriben correctamente reforzámoslos positivamente e se non a escriben ben, escribímoslle nós a palabra ben escrita debaixo para que poidan ver os erros que cometeron. Pensade que coa letra B poden cometer facilmente o erro de poñer V en lugar de B, e nese caso non o contaremos como erro aínda que si lles diremos que non é con V senon que é con B. Pero sempre desde o postivismo xa que o neno ten unha conciencia fonlóxica correcta e identifica o son deses fonemas, que neste caso é o mesmo. Aínda que a palabra

non se escriba correctamente, sempre debemos reforzalos dun xeito positivo xa que o seu proceso de escritura está avanzando e non todos están no mesmo nivel. Mándovos un esquema cos diferentes niveis de escritura para que así vexades en que nivel está o voso fillo ou filla.

Na primeira ficha escribirán tres palabras que son: bata - boca - cabalo.



Nesta outra ficha escribirán de novo outras 3 palabras: bico – nube – batidora



Lembrede, é importante que escriban sós.



Pídivos perdón polos videos e as explicacións pero non se me ocorreu outra forma de poder explicalo. Calquera cousa xa sabedes que tanto a través de abalar como do grupo de telegram podedes consultarme.

E por esta semana nada más, espero que o levedes ben, recordade facer todo con calma, pouco a pouco a sen agobios.

Un saúdo!

### ¿Qué es la escritura?


- Representación gráfica de nuestro lenguaje que utiliza símbolos convencionales para ello.
- En nuestro idioma cada símbolo se encuentra relacionado a un sonido (relación fonema- grafema)
- Excepcionalmente hay símbolos que se encuentran relacionados a dos (y, g, c, r) o a ninguno (h, u medial)

<http://www.imageneducativa.com>



### Etapas en la adquisición de la escritura

- Presilábica (3- 4 años)
- Silábica (4- 5 años)
- Silábica alfabética (5- 6 años)
- Alfabética (6-7 años)



<http://www.imageneducativa.com>


### Presilábica (3- 4 años)

HORMIGA.

<http://www.imageneducativa.com>

### Silábica (4- 5 años)



AE WA PO  
CA FE ME SA PA TO

<http://www.imageneducativa.com>

### Silábica alfabética (5- 6 años)

¡E O UN CA A E L O  
QUIE RO UN CA RA ME LO

M D I A  
MO CHI LA

P S K D O  
PES CA DO



<http://www.imageneducativa.com>

### Alfabética (6-7 años)

OY FUIMOS AL PARCE  
HOY FUIMOS AL PARQUE



<http://www.imageneducativa.com>